



SESIÓN PLENARIA ORDINARIA CONVOCATORIA

Convócase a Vde. á Sesión plenaria que se celebrará no Salón de Sesiões da Casa do Concello, o día 27 de maio de 2021, ás 17,00 horas, e que será gravada (imaxe e son) polo sistema de videoactas ao que poderá acceder a través da <https://sede.vilagarcia.gal/>.

A partir desta data ten Vde., á súa disposición, nas dependencias municipais, os antecedentes relacionados cos asuntos que figuran na Orde do Día. A orde do día tamén consta no apartado de transparencia existente na <https://sede.vilagarcia.gal/>.

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 29 de abril de 2021.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes abril de 2021.
3. Toma de coñecemento da Resolución da Alcaldía de aprobación da liquidación do Orzamento do Concello correspondente ao exercicio de 2020 e da Fundación de Deportes.
4. Toma de coñecemento do informe de resumo anual de control interno do Concello, emitido pola Intervención Municipal correspondente ao exercicio 2020.
5. Aprobación, se procede, do expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Crédito Nº 02/REC/2021.
6. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
7. Aprobación, se procede, da moción presentada polo Grupo Político Municipal de Podemos-Marea da Vila, para a elaboración dun Plan Municipal de Transición Enerxética e a activación da Economía Verde.
8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo Grupo Político Municipal do PP, para instar ao Goberno Local a tomar medidas para a Humanización do Barrio dos Duráns.
9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo Grupo Político Municipal do BNG, polo mantemento dos servizos financeiros no Concello de Vilagarcía de Arousa e en contra do peche das oficinas de ABANCA de Carril e Vilaxoán
10. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
11. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
12. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.
13. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

Vilagarcía de Arousa, 24 de maio de 2021.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

A SECRETARIA XERAL,

Alberto Varela Paz

Rosa Losada Suárez

Sinatura dixitalizada

Sinatura dixitalizada